

## **Formación músico profesional: fagotista, María Losada Burgo**

### ***Charla I.E.S. Xoán Montes de Lugo, 17-04-24***

- Compaxinar instituto co conservatorio: saber organizarse e seguir o que te motiva de verdade.
- Decisión de seguir pola música porque non podía prescindir desa parte da miña vida.
- Importante ir saíndo da burbulla na que estamos en cada momento, para ir sabendo con perspectiva onde estamos, e tamén ver hacia onde queremos ir (ir a masterclasses, coñecer xente de fóra e vivir novas experiencias, etc).
- Segundo a etapa da vida, as prioridades van cambiando. É importante construír unha boa base no profesional, o que implica priorizar esta parte nas idades máis tempranas (instituto, carreira, ciclos, etc), pero sempre nun balance co persoal.
- Moverse e saír a buscar as oportunidades: neste caso a Zaragoza, polos profesores.
- Aproveitar a experiencia ao máximo (balance estudos-vida social, traballo...)
- Importante ter unha boa rede de apoio a nivel persoal (amigos, xente de confianza...) e a nivel profesional.
- Seguir sempre saíndo da zona de confort: audicións, concursos, masterclass...
- Aceptar os 'non' e aprender pouco a pouco a xestionalos.
- A pandemia foi unha oportunidade única para establecer unha boa base co meu grupo de cámara (non tiñamos outra cousa que facer e buscamos motivación con isto) en Ámsterdam.
- O inglés (e os idiomas en xeral) son claves para a comunicación e facilitan moitísimo todo.
- Compaxinei o máster coa vida profesional (concertos, etc).
- Establecín o meu grupo de cámara: Dianto Reed Quintet, do que vivo actualmente e nos está indo moi ben.
- Hai cousas moi boas (aspecto artístico, creativo, económico, decidir por ti mesmo o que fas, enriquecerte de toda a xente tan distinta da que estamos rodeados, etc), así como non tan boas (moita xestión laboral e persoal detrás, renunciar a moitas cousas, moito traballo de 'oficina' para levar un grupo de cámara a este nivel, etc).
- Temos psicóloga grupal e vainos ben porque, a parte da sorte que hai que ter, traballamos moitísimo polo quinteto, priorizámolo e somos innovadores dentro do que facemos.

- Como conclusións últimas xerais podó dicir que:
  - Todo na vida ten as súas complicacións, pero se che gusta merece a pena (motivación).
  - Ao acabar de estudar, ou por outras circunstancias, daste conta de que na vida hai moitos camiños distintos que podemos tomar, e non só o que pensamos (ou nos fan pensar) desde pequenos. Non hai que dar nada por feito.
  - É importante ter un bo balance entre esforzo e sacrificio, e non frustrarse demasiado. Saber pedir axuda.
  - Na vida hai que loitar polo que un quere.
  - É importante saír da zona de confort, moverse e atopar o camiño propio (non é 'tarde', nin hai 'erros' que non se poidan ir modificando e adaptando a un).
  - A etapa de estudante é un bo momento para construír unha boa base profesional e de enfocar a nosa vida (non hai tantas responsabilidades).
  - Non se acaba o mundo se algo non sae á primeira, nin significa deixar de intentalo.
  - É fundamental a toma de decisións que facemos, pero hai cousas que se escapan do noso control e a vida nos vai levando. Está ben.

## **Imaxes**


### ***Etapas Lugo***



## Etapa Zaragoza



## Etapa Ámsterdam



**Dianto Reed Quintet**



